



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES DO CASTRO

Rúa José Gómez Posada – Curros 1. 36 203 – Vigo

Tlfs. 986 422 974. 986 423 063

Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>

Correo electrónico: ies.docastro@edu.xunta.es



Colexio
do
Mundo

Convocatoria 2018- Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional** 11 de maio de 2018

O IES DO CASTRO anuncia a **convocatoria de prazas** para cursar o próximo ano o primeiro curso do Programa do Diploma do **Bacharelato Internacional** no seu Centro nas modalidades de Ciencias Sociais e de Ciencias e Tecnoloxía.

Poderán optar a estas prazas todos os alumnos e alumnas que cumpran seguintes **requisitos**:

- **ter aprobado en xuño o 4º curso** do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO).

- **ter cursado en ESO as materias do PD** nas que se van matricular e ter conseguido unha nota aceptable nas mesmas.

A **adxudicación de prazas (*)** terá en conta o expediente do alumnado nos catro cursos da ESO.

O **prazo** para solicitar praza estará aberto a partir do **martes 15 de maio ata o venres 15 de xuño**. Realízase mediante o [modelo de solicitude adxunto](#), que tamén se poderá recoller no Centro a partir da primeira data sinalada. A entrega da documentación será na Secretaría do IES do Castro ou ben mediante correo electrónico na dirección electrónica castroibo@gmail.com, tendo esta última modalidade plena validez legal.

A **resolución** da convocatoria será publicada na páxina web do IES do Castro (<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>) así como no taboleiro oficial do Centro na derradeira semana do mes de xuño.

En todo caso, para **ampliar a información**, pódese consultar o [tríptico informativo](#) ou a páxina oficial da Organización do Bacharelato Internacional en <https://www.ibo.org/es/information-for-parents/>. Ademais, é conveniente que o alumnado interesado, acompañado do seu pai/nai/titor-a asista á **reunión informativa que terá lugar no IES do Castro o luns 4 de xuño ás 19:00**.

Para formalizar a matrícula requírese a seguinte documentación, aparte da ordinaria para o Bacharelato LOMCE:

1 -**informe académico** positivo da Xunta de Avaliación de 4º ESO ou do titor/a deste curso (en caso de alumnado procedente doutros centros escolares), segundo o [modelo adxunto](#).

2- **Compromiso** asinado polo alumnado, así como pai/ nai/ titor legal de que permanecerán no PD durante os dous cursos correspondentes, salvo circunstancias excepcionais, segundo [modelo adxunto](#)

(*) A oferta final de prazas está suxeita ás posibilidades organizativas do Centro en virtude das disposicións da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, polo que **o alumnado admitido non deberá renunciar á praza que teña solicitado polo conduto ordinario** antes de formalizar a matrícula neste Centro.